



XUNTA DE GALICIA

GL

DESCUBRE A REDE BTT GALICIA

- Centro BTT Allariz-Vilar de Santos
- Centro BTT O Salnés
- Centro BTT Portas de Galicia
- Centro BTT Ribeira Sacra
- Centro BTT Serra do Xurés

www.eurovelospain.com

www.turismo.gal/eurovelo
981 542 500 btt@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

galicia

BENVIDO A GALICIA

Durante moitos séculos díxose que o mundo remataba nas nosas costas, á beira dun océano, o Atlántico, que se cria infinito. Pero antes de perderse nese océano, convidámoste a descubrir Galicia, un universo que despertará os teus cinco sentidos.

Ao longo da historia moita xente intentou conquistarnos pero, entregados ante as marabillas desta terra, decidiron quedar connosco. As pedras son testemuñas. Desde petróglifos e dolmens ata as murallas que edificaron os romanos, pasando polos innumerables castros e citanias. Pouco a pouco fóronse construíndo imponentes igrexas e mosteiros que culminaron nesta obra mestra que é a catedral de Santiago de Compostela.


Esta é a casa que ofrecemos aos peregrinos que seguen chegando desde a idade Media procedentes de todas as partes do mundo, despois de esgotadoras xornadas polos diferentes Camiños de Santiago. Paisaxes cunha infinita gama de verdes atravesados por centos de ríos, bosques rodeados de néboa e prados habitados por vacas. Unha costa sorprendente cun fenómeno único no mundo como son as rías. E aquí e alí unha infinita variedade de construcións milenarias.

Os visitantes son deleitados cos manxares máis exquisitos. Se os nosos peixes merecen un cum laude, o bravo océano fai crecer os mellores percebes. E as tranquilas rías ofrecen ameixas, vieiras, zamburiñas e mexillóns, entre moitos outros mariscos de sabor excepcional.

Nas terras interiores presumen de preparar o polbo máis rico, pero tamén teñen os mellores queixos, grelos, patacas, pan, empanadas e carne de tenreira e porco coa especialidade do porco celta. Somos expertos en aplicar técnicas innovadoras a produtos naturais que se convierten en ouro nas mans dos novos cocineiros.



Pedrafito do Cebreiro



Mosteiro de Samos



Santiago de Compostela



O Cebreiro

Saltamos ondas en busca de fertilidade, enchemos as praias de fogueiras na noite de San Xoán, temos pedras con poderes curativos, herbas nos cantos que "namoran" e fontes onde brotan augas milagreas.

Descubrirás lugares privilexiados onde os ríos serpean por canóns entre viñedos, areas brancas e finos bañados por un océano bravo, vilas medievais e mariñeiras con cheiros marítimos que quedarán gravadas na túa memoria, monumentos do Patrimonio Mundial e illas con especies únicas.

Vivir Galicia é unha experiencia diferente. Escaparás da rutina, percorreras a natureza máis pura, perderaste no misterio e atoparás a paz.



Camiño de Santiago



Santiago de Compostela



A Ponte Maceira



Mosteiro de Samos

EUROVELO

EuroVelo é unha rede de rutas ciclistas de longa distancia que conecta o continente europeo. Unha oferta que fomenta a práctica do deporte, do ecoturismo, e tamén facilita o descubrimento amodo de novos destinos turísticos.

A Rede EuroVelo é un proxecto da Federación Europea de Ciclistas (ECF) que promoveu a apertura de 17 rutas de longa distancia que unen 42 países europeos a través de máis de 90.000 quilómetros de percorridos. Cada unha das 17 rutas de EuroVelo ten a súa propia temática e identifícase cun número dependendo da súa dirección: norte-sur (impar) ou leste-oeste (par).

As diferentes rutas permiten circular por vías en bo estado e con baixa densidade de tráfico a partir de itinerarios xa existentes ou de nova construción. A sinalización EuroVelo está estandarizada cun deseño homoxéneo que permite unha fácil interpretación independentemente do país polo que atravesas a ruta.

EUROVELO 3 "PILGRIMS ROUTE"

Cunha lonxitude de 5.600 km, a EuroVelo 3 "Pilgrims Route" permite visitar sete países europeos: Noruega, Suecia, Dinamarca, Alemaña, Bélxica, Francia e España. Durante o percorrido pódense visitar ata 21 lugares recoñecidos pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade.

Alén de viaxar do xeito máis sostible posible, podes visitar algunhas das catedrais máis importantes do continente, como as de Colonia, Aquisgrán e Santiago de Compostela, ao tempo que che permite gozar das atraccións de grandes cidades como Oslo, Gotemburgo, Hamburgo, Liexa e París.

O percorrido conecta varias rutas de peregrinación, entre as que se atopan: o Camiño de Santo Olav entre Trondheim e Oslo en Noruega, o Camiño Oxen en Dinamarca, a Vía Báltica, o Camiño de Osnabrück e a Ruta do Rin do Norte en Alemaña, a Vía Mosana entre Maastricht e Namur en Bélxica, a Vía Monástica que une Bélxica con Francia, o Camiño de Estelle que chega a París, a Vía Turonensis que conecta a capital francesa con Saint Jean Pied de Port, o Camiño Francés que remata en Santiago de Compostela e, finalmente o Camiño de Fisterra ata alcanzar o Cabo Fisterra.



DREPLEGAL-C-696-2021

3 RUTA DOS PEREGRINOS

- 5.600 Km
- 7 Países
- 21 Lugares Patrimonio Mundial (UNESCO)



SUECIA

01 Gravados rupestres de Tanum

DINAMARCA

02 Túmulos, pedras rúnicas e igrexa de Jelling

ALEMAÑA

- 03 Speicherstadt e distrito Kontorhaus con Chilehaus (Hamburgo)
- 04 Bremen
- 05 Catedral de Colonia
- 06 Catedral de Aquisgrán

BÉLXICA

- 07 Campanario de Namur
- 08 Campanario de Charleroi
- 09 Sitio mineiro de Bois du Cazier
- 10 Campanario de Thuin

FRANCIA

- 11 Riberas do Sena (París)
- 12 Palacio e parque de Fontainebleau
- 13 Val do Loira (entre Sully-sur-Loire e Chalonnnes)
- 14 Abadía de Saint-Savin-sur-Gartempe
- 15 Xurisdición de Saint-Emilion
- 16 Centro histórico de Burdeos e Porto da Lúa

ESPAÑA

- 17 Mosteiros de San Millán de Yuso e de Suso
- 18 Sitio arqueolóxico de Atapuerca
- 19 Catedral de Burgos
- 20 Camiño Francés de Santiago
- 21 Santiago de Compostela

SIMBOLOXÍA

● Patrimonio Mundial (UNESCO)




Olveiroa



Praia de Talán, Fisterra

SINALIZACIÓN EUROVELO



RECOMENDACIÓN

- **Recoméndase o uso do casco.**
- **Non esquezas revisar o estado da bicicleta.**
- **Infórmate sobre aspectos técnicos da ruta e sobre a meteoroloxía do día.**
- **Sempre debes levar auga, roupa de abrigo, kit de reparacións e o teléfono móbil ben cargado.**
- **Debes obedecer a sinalización da ruta, dar prioridade aos peóns e cumprir coas normas xerais de circulación.**
- **Podes descargar os tracks de Eurovelo Galicia na páxina web www.turismo.gal**
- **Podes contribuír ao mantemento da ruta informando sobre posibles incidencias no estado e sinalización da ruta no email btt@xunta.gal**


EMERXENCIAS:

112

PEDRAFITA DO CEBREIRO - CABO FISTERRA

DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
287,8 km	5.064 m	6044 m	1.338 m	3 m	1.109 m	130 m




SECCIÓN 17 (Pedrafita do Cebreiro - Sarria)

A EuroVelo 3 "galega" comeza na localidade de Pedrafita do Cebreiro e logo sobe ata a aldea do Cebreiro, situada a 1.300 m de altitude entre as serras do Courel e dos Ancares. O Cebreiro é de orixe prerromana e é famoso polas súas típicas pallozas co teito de palla de centeo. Esta primeira etapa permite visitar outros lugares emblemáticos da ruta, como a localidade de Triacastela, o sorprendente mosteiro de Samos e a vila de Sarria. O percorrido tamén ofrece fermosas paisaxes de media montaña e numerosos exemplos de arquitectura popular galega.




SECCIÓN 17 PEDRAFITA DO CEBREIRO - SARRIA



	Acuario	Restoración	Senda Verde	WiFi	Taxi	Taxi	Aeroporto	Camiño de Santiago	Farmacia
Pedrafita do Cebreiro	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
O Cebreiro	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Triacastela	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Samos	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Sarria	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
61,1 km	1.187 m	1.876 m	1.338 m	419 m	1.110 m	420 m



SECCIÓN 18 (Sarria - Melide)

A segunda etapa atravesamos extensas zonas de prados e carballerais en dirección das ribeiras do río Miño, para despois cruzar a ponte que leva á vila de Portomarin, rescataada das augas tras a construción dun encoiro e trasladada a esta nova localización. Palas de Rei é unha boa referencia para abastecerse antes de dirixirse á vila de Melide, onde remata esta sección. En Melide encóntrase o que posiblemente sexa o cruceiro máis antigo de Galicia. Tamén hai que probar o polbo á feira nalgunha das súas afamadas polbeiras.



SECCIÓN 18 SARRIA - MELIDE



	Acuario	Restoración	Senda Verde	WiFi	Taxi	Taxi	Aeroporto	Camiño de Santiago	Farmacia
Sarria	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Portomarin	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Palas de Rei	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Melide	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
69,5 km	1.458 m	1.424 m	723 m	350 m	420 m	453 m




SECCIÓN 19 (Melide - Santiago de Compostela)

A última etapa visita a localidade de Arzúa, unha das capitais do queixo de Galicia. A través da coñecida como "Ruta dos Holandeses", pola estrada comarcal AC-240, visitanse os concellos de Touro e Boqueixón ata chegar á Cidade da Cultura, que nos dá a benvinda a Santiago de Compostela. A capital de Galicia é unha cidade chea de atractivos de todo tipo, cun centro histórico tan ben conservado que lle valeu a declaración de Patrimonio da Humanidade.




SECCIÓN 19 MELIDE - SANTIAGO DE COMPOSTELA



	Acuario	Restoración	Senda Verde	WiFi	Taxi	Taxi	Aeroporto	Camiño de Santiago	Farmacia
Melide	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Arzúa	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Touro	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Santiago de Compostela	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
66,2 km	1.159 m	1.361 m	455 m	144 m	453 m	252 m




SECCIÓN 20 (Santiago de Compostela - Olveiroa)

Esta etapa iníciase na Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela, meta de todos os camiños xacobeos. Cruza o río Tambre pola ponte máis significativa desta ruta, Ponte Maceira, ata alcanzar a vila de Negreira, de orixe medieval. O cicloturista comparte varios tramos co antigo Camiño Real a Fisterra onde a comarca do Xallas regálanos a beleza das súas paisaxes e a súa xenuína arquitectura popular. Ao pasar o núcleo de Mallón chegamos a ponte de Olveira que cruza o río Xallas, que divide os municipios de Mazariños e Dumbria. Alcanzamos o centro de Olveiroa, final de etapa.



SECCIÓN 20 SANTIAGO DE COMPOSTELA - OLVEIROA



	Acuario	Restoración	Senda Verde	WiFi	Taxi	Taxi	Aeroporto	Camiño de Santiago	Farmacia
Santiago de Compostela	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Ames	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Negreira	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Santa Comba	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Mazariños	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Dumbria	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
55,45 km	955 m	946 m	427 m	51 m	252 m	260 m




SECCIÓN 21 (Olveiroa - Cabo Fisterra)

Esta última etapa parte de Olveiroa cruzando o río Hospital para dirixirse á aldea do mesmo nome, un lugar que contou cun modesto hospital para peregrinos, hoxe desaparecido. O cicloturista alcanza o alto do Cruceiro da Armada para afrontar un marcado descenso con vistas á ría de Corcubión que finaliza na localidade de Cee, punto de unión coa EuroVelo 1, "Ruta da Costa Atlántica", que ten a súa orixe, dentro de territorio galego na ponte internacional do río Miño en Tui e percorre toda a costa atlántica da provincia de Pontevedra e do sur da provincia da Coruña. A partir deste punto estas dúas rutas comparten un último tramo que atravesamos unha comarca que ten un dos litorais de maior beleza da península ibérica. Chegamos a Fisterra polo barrio de San Roque para seguir pola estrada de ascenso ao faro e finalizar no mítico "km.0" do Camiño de Santiago no cabo do fin do mundo.



SECCIÓN 21 OLVEIROA - CABO FISTERRA



	Acuario	Restoración	Senda Verde	WiFi	Taxi	Taxi	Aeroporto	Camiño de Santiago	Farmacia
Dumbria	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Cee	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Corcubión	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Fisterra	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
35 km	591 m	721 m	377 m	3 m	260 m	130 m

